

MORGAN ROBERTSON

**O afundimento do Titán  
ou  
Futilidade**

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

## CAPÍTULO I

Era o meirande barco que endexamais sucara os mares, e tamén o máis arduo traballo desempeñado por aqueles que o construíran. Participaran da súa fabricación membros de cada disciplina, profesión e oficio coñecidos pola civilización. Na súa ponte había oficiais que, amais de seren os máis adoitos da Armada Real Británica, pasaran esixentes exames sobre os tipos de vento, as mareas, as correntes e mais a xeografía mariña; non só eran mariñeiros aqueles homes, senón tamén científicos. Aplicárase o mesmo rigor profesional á hora de escoller o persoal do cuarto de máquinas, e o departamento de cociña era practicamente coma o dun hotel de luxo.

Dúas bandas, outras dúas orquestras e mais unha compañía teatral entretiñan os pasaxeiros durante o día; o benestar físico era atendido por un corpo de doutores, mentres que o anímico era responsabilidade dun grupo de capeláns. Un tenaz grupo de bombeiros acougaba os temores dos pasaxeiros máis nerviosos, e mesmo engadía outra diversión ao practicar acotío coa maquinaria.

Dende a elevada ponte da nave corrían, de forma discreta, as liñas telegráficas até proa, a sala de máquinas, o posto de vixilancia da gavia e en xeral até todas as zonas do barco onde se traballaba, e cada unha desas liñas

remataba nun dial cun indicador móbil que contiña as ordes e respostas requiridas no manexo de tan inmenso paquebote, tanto en porto coma en alta mar, o cal eliminaba o tortuoso esforzo por parte de mariños e oficiais de ter que andar a berros.

Dende a ponte de mando, o cuarto de máquinas e unha ducia de lugares da cuberta, as noventa e dúas portas dos dezanove compartimentos podían pecharse en menos dun minuto co simple xiro dunha panca. Estas comportas tamén podían pecharse automaticamente se se detectaba a presenza de auga. Aínda que tivese nove compartimentos alagados, o buque daría flotado sen problema ningún, e habida conta de que non se tiña noticia de accidentes destas características, o Titán era considerado insomexible.

Construído en aceiro e concibido en exclusiva para o tráfico de pasaxeiros, o navío non transportaba carga ningunha de combustible que ameazase con destruílo de acontecer un hipotético incendio; e ao non ser necesario reservar espazo para ese combustible, os seus deseñadores optaran por desbotar o fondo plano para un cuarto de caldeiras, algo típico nunha embarcación de carga, en favor dun fondo oblicuo, máis propio dun iate, o cal mellorou as prestacións do buque no mar.

Tiña case douscentos corenta e catro metros de longo, un desprazamento de setenta mil toneladas e setenta e cinco mil cabalos de forza; na travesía de probas acadara unha velocidade de vinte e cinco nós, sen deixar de facer fronte aos ferozes ventos, mareas e correntes. Ou dito con poucas palabras: era unha cidade flotante, e no interior das súas murallas de ferro contiña todo o necesario para atenuar os perigos e as incomodidades que

